

## 9. CURSOS MONOGRÁFICOS

**Título:** Reforzo e práctica dos contidos do nivel C1

### **Obxectivos**

Gran parte do alumnado de C1 ten dificultades de chegar a un nivel no que se sinta cómodo nas distintas actividades da lingua na aula. Así mesmo para o alumnado que xa rematou este nivel C1 non é fácil manter o nivel de lingua acadado. Por estas razóns propónse este curso co obxectivo de manter e potenciar as diferentes actividades do idioma alemán acadados no nivel C1. Este curso quérese realizar sen a presión do seguimento da programación didáctica dos cursos oficiais, e será ante todo pragmático.

### **Contidos**

Todos os contidos funcionais, sociolingüísticos, socioculturais, estratéxicos, discursivos, sintácticos, léxicos e fonéticos que fagan falta para realizar con éxito as tarefas comunicativas a cumprir.

### **Metodoloxía**

A partir de tarefas comunicativas analizaranse as dificultades atopadas polo alumnado, illanse e clasifícanse os problemas e fanse exercicios sobre eles. Despois expóñense tarefas similares para favorecer a aplicación do aprendido. Paralelamente fanse exercicios sistemáticos sobre as dificultades atopadas, o cal permite ao alumnado practicar e interiorizalos en calquera momento.

### **Materiais**

O material sácase de calquera fonte como son audios gravados, manuais, libros de texto, internet, métodos de referencia etc.

### **Temporalización**

O monográfico será de 30 horas, das cales 27 serán presenciais os martes de 20.00–21.00 horas, e as restantes 3 horas serán de traballo individual.

### **Avaliación**

Será unha avaliación continua e personalizada do alumnado, condición para reaxustar en todo momento os obxectivos e a metodoloxía de tal maneira que propicie a aprendizaxe do alumnado a través da observación do seu desenvolvemento e da súa progresión nas actividades feitas na aula e o traballo individual, na que este obterá a cualificación de “apto/a” ou “non apto/a”.

A superación deste curso para público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; Non obstante, a EOI poderá certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o seu aproveitamento.

## 10. CURSOS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

**Título:** Curso de Alemán para principiantes (nivel A1).

Curso xestionado polo CFR de Ourense

### **Obxectivos:**

- Manexar un repertorio básico de léxico e de expresións relativas ás situacións máis habituais da vida cotiá.
- Comprender textos orais e escritos breves, referidos a asuntos da vida cotiá, dun xeito sinxelo e básico.
- Participar en conversas relacionadas coas situacións de comunicación máis habituais da vida cotiá.
- Producir textos orais e escritos breves, referidos a asuntos da vida cotiá, dun xeito sinxelo e básico.
- Familiarizarse coas realidades socioculturais do país.

### **Contidos:**

- Actividades da xornada.
- Vivenda.
- Familia
- Saúde e coidados físicos.
- Roupa e cores
- Clima e estacións do ano.
- Contidos léxicos, gramaticais, discursivos e funcionais que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

### **Métodoloxía**

Tendo en conta que o obxectivo principal das aulas ten que ser a comunicación, fomentaremos o emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación, utilizando desde o principio e na medida do posible a lingua estudada como vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua.

Fomentarase tamén a autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.

Empregarase como soporte didáctico de apoio a aula virtual Moodle, onde o alumnado terá ó seu dispor material e tarefas para as parte non presencial do curso.

**Materiais**

O material sácase de calquera fonte como son audios gravados, manuais, libros de texto, internet, métodos de referencia etc.

**Temporalización**

O curso será de 60 horas, das cales 50 serán presenciais os xoves de 20.00–22.00 horas, e as restantes 10 horas serán de traballo individual.

**Avaliación**

A avaliación será continua e teranse en conta a asistencia (non menor do 85%), a participación na aula e as tarefas realizadas nas horas de traballo individual.

Este curso non servirá para certificar o nivel, pero o CFR emitirá un certificado de horas de formación, sempre que se cumpra co mínimo de asistencia.